

dossier
prensa



CURTAS

VII festival
de cães

maio
19 | 22





Sete son as cores do arco da vella, sete as marabillas da humanidade e sete os pecados capitais. Sete son as notas musicais e os días da semana. Sete vidas ten o gato e sete eran as noivas para os sete irmáns. E agora, sete son tamén as edicións do Festival de Cans.

Do 19 ao 22 de maio de 2010 o máis irreverente dos festivais de cine acada a súa idade cabalística e celébrao con tanta diversión como cabe nunha aldea de 400 habitantes convertida na outra Meca do cine.

Alfa Romeo ou John Deere? Chardonnay ou LK? Christian Lacroix ou Pacita Moda? Spa ou uralita? Louis Vuitton ou Husqvarna? Trufa branca ou raxo? Glamour ou Agroglamour? Nós témolo claro. E ti?

**VII Festival de Cans
do 19 ao 22 de maio de 2010
en Cans (O Porriño)**

Organiza:



Patrocina:



Concello do Porriño



Estrella Galicia  recomienda el consumo responsable



XACOBEO 2010
Galicia



As 7 claves da 7ª edición do Festival de Cans

1. **As novidades musicais**
 - Jaliñeiro Unplugged
 - Rock'n'Road

2. **As cabezas de cartel**
 - Coque Malla
 - Di Elas

3. **Sorpresas e máis sorpresas**
 - Torreiro das Estrelas
 - Cans na Raia-Creativa
 - Miradas de Cans
 - Monumento de Cans

4. **Un xurado dos veciños**

5. **Máis xurados e premios**
 - O xurado de videoclips
 - O xurado de ficción e animación
 - O Premio Pedigree'10

6. **Estreas mundiais**
 - O mono Paco
 - Naípe de Sangue

7. **E as protagonistas, as curtas**
 - Características xerais
 - Fichas

Anexo: Programa do VII Festival de Cans



1. AS NOVIDADES MUSICAIS

Despois do éxito da Canastro Experience, o Festival segue conquistando espazos singulares de Cans para a programación musical. Ademais do Disco Chimpín, que animará as noites do venres e do sábado cos ritmos post-gafapasta de Rober Bodegas e o desenfreno bailongo de Constan Chao, este ano inauguramos dúas novas seccións: o Jaliñeiro Unplugged e o Rock'n'Road.

O **Jaliñeiro Unplugged** vén complementar a programación da Sala Multiusos con concertos de pequeno formato nun galiñeiro. As actuacións serán todas o sábado pola tarde: primeiro, as regueifas de O Caruncho, B. Lobariñas e Josiño da daranlle corpo ao documental *Botando por fóra*; despois, Roger de Flor e a súa cocteleira postmoderna porán música á presentación de *Naturalidade Silvestre*; e, xa cara a noitiña, as sombras do Sr. Anido ilustrarán a presentación de *La habitación de Felucas*.

Ademais destas propostas, a Sala Multiusos acollerá as presentacións do libro de Rober Bodegas *Novedades, souvenirs, artículos de coña*, do proxecto audiovisual de Iván Ferreiro *Picnic extraterrestre. La serie e máis* do *Iconoscopio* de Juan Lesta e Belén Montero.

Outra das novidades musicais deste ano é o **Rock'n'Road**, actuacións de grupos novos da comarca na estrada de Cans, patrocinadas pola marca de roupa Merc. Tamén o sábado pola tarde, Baldosa Amarilla, do Porriño, chegará pop rock alternativo con marca da casa e Santos Morcegos, da Guarda, un estilo inclasificable que eles chaman “surf fedorento”.



2. AS CABEZAS DE CARTEL

O que non é unha novidade é a programación de dúas actuacións de altura para animar as noites do venres e do sábado. Este ano os cabezas de cartel tampouco defraudan: o venres, Coque Malla e o sábado, Luís Tosar con **Di Elas**.

Coque Malla formou Los Ronaldos aos 15 anos. Xuntos, gravaron cinco discos, xiraron por España e Latinoamérica e conseguiron grandes éxitos con cancións como "Adiós papá" ou "Quiero más!". Disolvéronse en 1998, pero este 2010 volven estar de moda, despois de que IKEA usase a súa canción "No puedo vivir sin ti" na súa última campaña publicitaria. Coque Malla tamén publicou tres discos en solitario e participou, como actor, nunha ducia de películas.

Luís Tosar é o actor do momento. O seu aclamado papel de Malamade, en Celda 211, valeulle o seu terceiro Goya, o premio da Unión de Actores, o da Crítica e o Mestre Mateo. Pero Tosar é tamén un incondicional do Festival de Cans. Foi o primeiro gañador do premio de honra, o Pedigree'04, e agora amósanos o seu apoio, unha vez máis, facendo un oco na súa axenda para presentar no Festival un adianto do novo segundo disco de Di Elas. Ademais de Tosar, forman parte da banda Piti Sanz, Iván Laxe, Suso Alonso e Ro Muñoz.

E ademáis, como todos os anos, dende o 19 ata o 22 haberá **música en todos os recantos de Cans**. Sesión vermú coa Banda Municipal de Música, procesións de chimpibuses amenizadas por Os Veraneantes e polos bombos de Os Zés Pereiras de Fragoso, concerto pop con Los Chavales, sesión dj o xoves con Florent de Los Planetas, e a actuación dos veciños, o mércores pola noite, desta volta da man das pandereteiras de Cans e de Anxo e a súa banda.



3. SORPRESAS E MÁIS SORPRESAS

Como o paseo da fama de Hollywood Boulevard, a partir desta sétima edición Cans tamén terá o seu **Torreiro das Estrelas**: un muro da fama no que os premios de honra e as estrelas que pasen polo Festival irán deixando a súa pegada. Serán Luís Tosar e Ernesto Chao, gañadores do primeiro e do último premio Pedigree, os encargados de colocar as primeiras estrelas.

No Festival de Cans levamos anos dando a coñecer a algúns dos novos creadores máis interesantes en Galicia, pero que pasa ao outro lado da raia? Chegou a hora de catar que se fai na outra beira do Miño e de explorar as conexións entre os dous lados da fronteira e faremolo a través da nova sección **Cans da Raia-Creativa**, que inclúe:

- Audiovisual de alí (e de aquí): videoclips, propostas do Festival Internacional de Cinema Curtas Vila do Conde e avance exclusivo dalgúns dos traballos que se están a coproducir entre Galicia e o Norte de Portugal.
- Música de aquí (e de alí): bandas da contorna, bombos e charangas das dúas beiras do Miño e unha especial atención á música do Sur de Galicia.
- Unha nova Can Parade convoca a artistas da comarca da Louriña e da zona de Vilanova da Cerveira, alumnos da Escola Universitaria Gallaecia desa localidade, para realizar unha exposición do popular logo do festival revisitado.

Por outra banda, poñemos en marcha a sección **Miradas de Cans**, na que convidamos a creadores de distintas disciplinas a ofrecernos as súas miradas particulares sobre Cans e o festival. Inauguran a sección os arquitectos Creus e Carrasco, que exporán na Sala Multiusos a súa visión sobre Cans. Despois introducirán ao debuxante David Rubín, que irá construíndo a súa ollada ao longo desta sétima edición, para vírnola amosar o ano que vén.

E o Festival de Cans contará co seu propio monumento. O canteiro local Godoy fixo un Can de Pedra que se colocará na rotonda de Adroza. A inauguración do **monumento de Cans** será o mércores 19 ás 20.00 horas da tarde



4. O XURADO DOS VECIÑOS

Por primeira vez na súa historia, o Festival de Cans terá **un xurado composto exclusivamente por veciños da parroquia**. Veciños e veciñas de diferentes idades, de diferentes lugares e con diferentes oficios gozarán o Festival desde unha nova perspectiva, sentaranse nos lugares de preferencia do xurado e elixirán a mellor curta de ficción, que recibirá o “Premio dos Veciños”, sen dotación económica pero cun valor incalculable. Este ano a honra e a responsabilidade de ser os primeiros recaerá sobre:

Divina Campos (*Divina do Castillo*) ten 77 anos. Vendedora ambulante retirada, pandereteira e afeccionada á pintura, é unha das mulleres máis activas da parroquia. Exercerà de voceira.

Manuel Lorenzo (*Manuel da Taberna*) ten 76 anos. Carpinteiro. Foi emigrante en Alemaña e está xubilado da empresa de cociñas Xoane.

Carmen Rodríguez (*Carme da Carreira*) ten 75 anos. Vendedora ambulante retirada, é asidua das proxeccións do Jalpón Friki.

Telmo Pereiro ten 64 anos. Traballou en Zeltia e agora está retirado. É membro activo do grupo de pandereteiras e pandereteiros de Cans.

Pedro Rodríguez Quintas (*Pedro de Placer*) ten 36 anos. É especialista en facer muros de pedra e canastros de xeito artesanal, coma os vellos canteiros.



5. MÁIS XURADOS E PREMIOS

Ademais do dos veciños, haberá outros **nove premios**: Premio Pedigree'10: Ernesto Chao, Premio do xurado á mellor curta de ficción, Premio do xurado á mellor curta de animación, Premio do público á mellor curta de ficción, Premio do público á mellor curta de animación, Premio do xurado ao mellor videoclip, Premio do público ao mellor videoclip, Premio do xurado á mellor actriz e Premio do xurado ao mellor actor.

Este ano, o xurado de **videoclips** este ano estará composto por:

Florent Muñoz é o guitarrista de Los Planetas, considerado por moitos o grupo máis representativo da música alternativa dos noventa en España. Tamén é dj e, de feito, a noite dos videoclips ofrecerá unha sesión no pub Tubulart.

Yolanda Castaño é unha poeta galega que se dedica tamén ao xornalismo e á televisión. Gañou o premio a "Mellor Comunicador de TV" da Academia Galega do Audiovisual en 2005.

Iván Ferreiro é un coñecido músico vigués que liderou o grupo pop-rock Los Piratas durante trece anos. Acaba de presentar o seu cuarto disco en solitario, *Picnic extraterrestre*

E formarán parte do xurado que seleccionará as gañadoras entre as **curtas a concurso**:

Carlos Blanco é un actor, presentador e contador arousán que xa é un habitual das televisións estatais. Foi Ladislao Couto en *Mareas Vivas* e presentou media ducia de programas da TVG

Sara Casanovas é unha actriz viguesa que exerce de raíña da televisión estatal. Foi a doce Alicia Peña de *Amar en tiempos revueltos* e agora é a nova residente de *Hospital Central*

Suso de Toro é escritor e xornalista. Un librepensador galego que ven de dar a campanada, anunciando a súa retirada da literatura activa

Patricia Ferreira é madrileña de nacemento, pero galega de exercicio. Emprega o seu cine como un escalpelo na disección da sociedade galega

Xosé A. Touriñán é un actor e humorista que dá vida a dous coñecidos personaxes da TVG actual: a celebre Mucha, de *Tucha e Mucha*, e máis o fillo de Puri, en *Padre Casares*

Araceli Gonda é guionista e un dos rostros máis coñecidos da Televisión de Galicia. Presenta o Telexornal de mediodía

María Tasende é actriz. Participou en media ducia de series, dentro e fóra de Galicia. Ela é Sara Campos, a avogada de Matalobos

Premio Pedigree'10: Ernesto Chao

Ernesto Chao é un actor cunha dilatada carreira profesional, especialmente no teatro, onde ten participado en máis de corenta montaxes con media ducia de compañías. A súa carreira está tamén fondamente ligada á televisión. Ademais de protagonizar e dirixir a exitosa serie Pratos Combinados (1995-2006), Chao participou nunha vintena de programas de formatos diversos, dentro e fóra da TVG. Chao tamén está comprometido coas curtametraxes galegas. Participou en Sombras na noite, de Fernando Cortizo (2008); En teoría, de Jorge Saavedra (2006); Las rubias los prefieren caballeros, de Álex Sampayo (2002); A verdade se non minto, de Pablo Iglesias (2000); Esperanza, de Chano Piñeiro (1986); e Só para nenos, de Milagros Bará (1985), entre outras.



6. ESTREAS MUNDIAIS

O Festival de Cans acollerá a celebración de dúas estreas mundiais: o xoves a da longametraxe documental *O mono Paco* e o venres a do primeiro grelos-western da historia, *Naipe de sangue*. Como calquera estrea internacional que se prece, estas dúas tamén contarán coa presenza do equipo, con actuacións en directo e con sorpresas variadas.

O mono Paco é un documental, dirixido por Piño Prego e Guillermo Souto, que conta a historia dun mono africano traído a Galicia por un mariñeiro de Redondela, que foi noticia hai dúas décadas pola súa desmedida adición ao sexo. Paco saíu en todos os telediarios do Estado e provocou unha aceda polémica entre políticos, grupos ecoloxistas e feministas. Agora, Prego e Souto recuperan a súa historia para falar dunha época de tránsito entre dúas sociedades: do tardofranquismo á democracia. E para facelo convocan a moitas das caras máis coñecidas do Vigo de finais dos 80 e principios dos 90: Manoel Soto, Eduardo Rollán, Antón Reixa, Iván Ferreiro, Enrique Tuche, Manquiña, Julián Hernández, Tony Lomba...

Naipe de sangue é unha fantasía "pulp" que bebe das fontes da literatura de xénero e das películas de vaqueiros para achegar o Oeste americano ao Oeste europeo. Enmárcase dentro do proxecto documental *Marcial Lafuente Estefanía. Galicia máis Oeste que nunca*, que analiza como Vigo se converteu da man da Editorial Cies e do seu autor máis universal na capital do Far West. A súa estrea contará coa presenza do fillo do escritor e continuador da saga literaria, Federico Lafuente, e máis coa actuación estelar da Furancho Wester Band, con Silvia Superstar e Elodio.



7. E AS PROTAGONISTAS, AS CURTAS

Nesta sétima edición na que a Academia de las Artes y Ciencias Cinematográficas de España incluíu o de Cans entre os certames que dan opción a entrar na preselección para os Premios Goya, presentáronse ao Festival máis dun cento de curtas, das que se proxectarán dentro de concurso doce de ficción, sete de animación e catorce videoclips. Ademais, no Jalpón Friki proxectaranse outras catorce propostas especialmente rompedoras. En xeral, nestas curtas observamos que:

- Varias son de **directores galegos que están traballando fóra** de Galicia, como é o caso de Coté Soler, Alex Marzoa ou Víctor Pedreira. Moitas delas non se viron nunca antes en Galicia.
- Dous destes directores, Coté Soler e Víctor Pedreira, son ademais actores. Non son os únicos que dan o salto ao outro lado da cámara nesta edición. Tamén o fan Rubén Riós e Nani Matos. Este ano houbo unha fornada de **actores metidos a directores**. Con grande éxito, por certo.
- Tamén é salientable a presenza nas curtas deste ano de **actores e actrices coñecidos dentro e fóra de Galicia**. Actores como Manuel Morón, Morris, Camila Bossa, Sonia Castelo, Javier Gutiérrez, Mela Casal, Xan Cejudo ou Roger Princeps, o neno de *El Orfanato*.
- As curtas de ficción tocan case todos os xéneros: drama, comedia, thriller... A verdade é que, sobre todo, **este ano hai thriller, moito thriller**. Thriller sentimental, histórico, psicolóxico, laboral, telethriller...
- Nas curtas de animación, houbo este ano **unha gran renovación**. Moitos dos directores das curtas seleccionadas a concurso non pasaran antes polo Festival.
- Os videoclips, entre os que cabe salienta a presenza de grupos emerxentes do pop, do rock e do punk galego, son todos dunha **enorme calidade**.
- Finalmente, a programación do Jalpón Friki é **máis friki ca nunca**. Abundan as propostas desenfadadas, cheas de humor e de morte. Triunfa o erotismo, o bizardismo e os arranques de salvaxismo nos camiños.

Se queredes explorar todas as propostas, antes de achegarvos ás proxeccións, botádelle un ollo ás fichas.



CURTAS DE FICCIÓN

Coser e cantar

2009 / 15' / castelán e galego

Dirección e produción: Rubén Riós

Guión: Rubén Riós e Sandra Montes

Reperto: Arancha Rodríguez, Camila Bossa, Monti Castiñeiras, Roberto Porto, Luis Dopeso, Nuncy Valcárcel, Avelino González, Amaila Gómez, Dani Neira, Josiño Veiga, Montse Osorio.

Vai de: Elena quere cantar, quere entrar no circo, quere voar. A férrea educación franquista de súa nai córtalle as ás, pero a arte nunca morre e Elena leva varios anos sendo a Raíña indiscutible do Entroido de Verín.

Xénero: Drama histórico

O detalle: O director é un coñecido actor galego, protagonista de *Pradolongo* e de *Libro de Familia*.

Duelo

2010 / 20' / castelán

Guión e dirección: Víctor Pedreira

Produción: Raúl Ruano e Víctor Pedreira

Fotografía: Ángel Araújo

Reperto: Manuel Morón e Antonio Durán "Morris"

Vai de: "Non culpes a Manuel", dille Inés a Alfredo desde o pasado e el mete a súa vida nunha caixa, compra unha botella de whisky e vai buscar a redención a unha casa illada en Galicia.

Xénero: Thriller sentimental

O detalle: É a curtametraxe coa que debuta como director o actor vigués Víctor Pedreira

Instalación

2010 / 15' / galego

Dirección: Xosé Díaz

Dirección de produción: Raquel Pardo

Dirección artística: Rafa Ferreiro

Reperto: César Cambeiro, Guillermo Carbajo, Mónica García e Tomás Lijó

Vai de: O concelleiro de Cultura está farto de tanta exposición de arte contemporánea que non entende ninguén. Para sacar o museo a flote necesitan algo espectacular que impresione aos de Bruxelas. Nada máis vangardista que unha boa 'instalación'

Xénero: Comedia postmoderna

O detalle: Atención ao vocabulario, unha auténtica guía para introducirse nos conceptos da arte contemporánea. Vas botar unhas boas risas.

O elixido

2009 / 16' / galego



Dirección: Chema Gagino

Fotografía: Jaime Pérez

Montaxe: Juan Galiñanes

Música orixinal: Arturo Kress

Dirección Artística: Antonio Pereira

Guión: Chema Gagino e Raul Dans

Baseada nunha obra teatral de Raúl Dans, finalista do I Premio Diario Cultural da Radio Galega

Reperto: Sonia Castelo, Antonio Mourellos e Jesús A. Rosado "Gelos"

Vai de: Tres persoas pechadas nunha habitación trazan un mapa de confianza e desconfianza no que todo é posible e nada é o que parece. Quen é o elixido?

Xénero: Psico-suspense

O detalle: O uso moi localizado da cor que matiza a estética do cine negro dos 40.

O 9º principio

2009 / 20' / galego

Dirección e produción: Iván Seoane

Guión: Iván Seoane e A. Donan

Fotografía: Enrique Banet

Música: Nicolás Casal

Reperto: Antonio Durán "Morris", Roberto Vilar, Marcos Viéitez, Miguel Pernas, Monti Castiñeiras, Isabel Vallejo, Gonzalo Uriarte e Luis Iglesia

Vai de: Alemaña, 20 de xullo de 1944. Logo do atentado contra Adolf Hitler, dous mandos das SS chegan á casa dun oficial cun estraño prisioneiro. As grandes guerras xóganse ás veces nos máis insólitos campos de batalla.

Xénero: Thriller histórico.

O detalle: A fotografía é de Enrique Banet, último premio de honra dos Mestre Mateo.

Depetrosa

2010 / 8' / galego

Dirección: Senín Porto

Guión e produción: Senín Porto e Martin de Soto

Música: Manuel Riveiro

Reperto: Vicente de Souza, María Mera, Marisa Pasarón e Juan Carlos Alonso

Vai de: Desde que as empresas se sumaron á moda dos contestadores automáticos, cada vez resulta máis difícil telefonar a alguén de carne e oso. Se quere ver esta curta, marque un. Pero déase présa, que o tempo se bota enriba

Xénero: Drama-comedia telefónica

O detalle: Senín Porto é un especialista en traballar a contracorrente: esta curta volve estar feita sen ningunha subvención.

A viaxe

2009 / 16' / galego

Guión, dirección e montaxe: Xosé González Varela



Reperto: Carlos Vila, Evaristo Calvo

Música: David Teijeiro

Producción: Carlos López

Vai de: Un director de cine retrasa o remate da súa película a forza de darlle voltas ao emprazamento onde vai rodar o plano final. Un accidente déixao tirado nunha estraña paraxe que pode mudar a súa idea do filme.

Xénero: Road-movie experimental

O detalle: Ven de gañar o premio Brigante di Pietra do Festival Internacional de Cine de Potenza (Italia), un certame especializado en cinema independente.

El vendedor del año

2010 / 13' / castelán

Dirección: Coté Soler

Guión: José Ramón Soriano

Producción: Carlos Medina

Fotografía: Carlos Ferro

Reperto: Fernando Cayo, Javier Gutiérrez e Luisa Fernández

Vai de: Non se trata só de vender ou non vender. Se queres sobrevivir nunha multinacional dirixida sen escrúpulos desde Londres, tes que estar disposto a tomar decisións drásticas en cuestión de segundos.

Xénero: Thriller laboral

O detalle: O director, que é vigués, traballou como actor nunha ducia de pelis e series, como *Los Abrazos Rotos*, *El otro lado de la cama* ou *El comisario*.

Rodilla

2009 / 17' / castelán

Dirección: Juanjo Giménez

Guión: Pere Altimira y Juanjo Giménez

Productores: Xosé Zapata, Ignacio Benedeti e Juanjo Giménez

Fotografía: Pere Pueyo

Producida por: IB Cinema

Reperto: Jacob Torres, Fernando Rodilla, Josep Julien, Vicente Gil e Daniela Feixas Conte

Vai de: Máis de 35 anos despois, segue habendo un oco baleiro no álbum de cromos da temporada 73-74. É hora xa de axustar contas coa infancia.

Xénero: Biopic de coleccionista

O detalle: Rodilla, que foi xogador do Celta nos anos 70, demostra que aínda sabe que facer cun balón nos pés.

El cumpleaños

2009 / 9' / castelán

Dirección, guión, produción e montaxe: Daniel Cid Sánchez

Fotografía: Andrés Victorero

Música: Julio Montero

Reperto: Teté García, Iago López, Sito del Valle e Natalia D. Maside

Vai de: Ana celebrará o seu aniversario soa diante da tele. É unha mágoa pasar soa o día,



pero peor pode ser facelo en mala compañía.

Xénero: Telethriller

O detalle: Ollo á outra noticia do día no primeiro informativo de Tele Ourense. E un consello: non vos movades ata o final.

Dies dei

2009 / 18' / galego

Guión e dirección: Nani Matos

Axudantes de dirección: Xurxo González, Paula Salgueiro

Fotografía: Antón Vázquez Gago

Música: Nico Casal

Reparto: Xan Cejudo, Mela Casal, Camila Bossa, Susana Dans, Luis Iglesia, Keka Losada

Vai de: Avelino vive pendente de coidar á súa muller enferma, postrada nunha cama.

Pero aos seus setenta anos, tamén el comeza a notar síntomas preocupantes.

Xénero: Drama social

O detalle: Unha das curtas galegas que máis percorrido por festivais tivo nos últimos anos.

Padre modelo

2009 / 13' / castelán

Dirección: Alejandro Marzoa

Guión: Miguel Ángel Blanca

Producido por: Jet Films

Reparto: Miguel de Lira, Roger Princeps

Vai de: Podes non lembrar a data do aniversario do teu fillo, e ata non saber nada da súa vida persoal, pero se un día decides ser un "pai modelo" as cousas non van ser tan fáciles como parecen.

Xénero: Comedia branca

O detalle: O neno é Roger Princep, coñecido pola súa actuación no filme "El Orfanato", que lle valeu un Goya ao mellor actor revelación (2008)



CURTAS DE ANIMACIÓN

Neggy coñece a Sammy

2010 / 9'

Dirección: Benjamin Carter

Idea orixinal: Nathan Carter

Animación: Benjamin Carter e Brian Demoskoff

Guión: Juan Junquera

Banda Sonora: Javier Alvarez

Producido por: SrMundo

Vai de: Había unha vez unha casa ao lado do mar. Unha casa grande. Unha casa grande e estraña. Unha casa grande, estraña e vella. Había unha vez unha casa grande, estrana e vella ao lado do mar.

O detalle: Brian Demoskoff é un animador habitual dos filmes de Tim Burton.

Pequena gran aventura

2009 / 3'

Dirección: Juan Carlos Abraldes

Guión: Gonzalo Velasco

Baseada nunha idea orixinal de Dani Calleja

Producido por: Kairos

Vai de: Di o dito que cando o gato non está, andan os ratos de festa. O que non sabemos ata agora é que pasa cando gato e rato montan a festa xuntos... nun laboratorio cheo de inxenios científicos.

O detalle: Está realizada en 3D estereoscópico.

A nena que tiña unha soa orella

2009 / 5'

Dirección: Álvaro León

Producción: Rubén Coca

Baseado nun relato de Lucía Etxebarria: "La fantástica niña pequeña y la cigüeña pedigüeña"

Vai de: Todos os nenos teñen dous ollos, un nariz, unha boca, dúas orellas e dez dedos. Ou non? Allegra vai descubrir que hai nenos de todo tipo.

O detalle: As ilustración do libro orixinal foron feitas por Víctor Coyote, que tamén colaborou nesta curta.

ANIM 01

2009 / 2'

Concepto, animación, edición, cámara e posproducción: DSK (Juan Lesta e Belén Montero)

Música: Carlos Santos

Producido por: Esferobite

Vai de: Moedas que comen pantasma, naves espaciais que derriban magdalenas, paos



que xogan ao tenis... os videoxogos arcade traspasan a barreira das dúas dimensións gracias á paleta gráfica codeco.

O detalle: Aínda que pareza unha animación dixital, está feita con grandes píxeles reais, movidos plano a plano.

Stop. Explotación infantil

2008 / 16' / galego

Dirección: Diego Mendez / David Linares

Guión: Manu Méndez

Música: Óscar M. Chamorro, David Linares, Vikas Tripathi, Om/Off, Raul Mon, Cristina López

Fotografía: J.B. Aguinaga "Herri"

Montaxe: Marcos Losada

Produción: Micaela Sinde / Diego Mendez

Producido por: Alén Filmes

Vai de: Na era da globalización e das telecomunicacións o problema da explotación laboral infantil afecta a uns douscentos millóns de nenos por todo o mundo. A explotación infantil está presente no café en Kenya, nas lápidas da India ou no tabaco dos Estados Unidos.

O detalle: Diego Méndez volve apostar por un xénero inusual e singular: o documental social de plastilina

Mi vida en tus manos

2009 / 7'

Realización: Nuno Beato

Argumento: José Dias

Montaxe: Diogo Carvalho

Produción: Eva Yébenes, J. Miguel Ribeiro, Nuno Beato, Ignacio Benedeti e Xosé Zapata

Producido por: IB Cinema

Vai de: Pedrito viaxa a España con seu pai, un coñecido matador portugués. Admírao e quere, pero un encontro inesperado co touro que está para morrer cambia a o seu destino.

O detalle: Ollo ao xogo de luces e sombras, as perspectivas e as metáforas visuais... puro expresionismo do século XXI.

Nouturnio de Celanova

2009 / 6' / galego

Dirección, guión e animación: Raúl García

Música: Luis Emilio Batallán

Baseado no poema "Nouturnio de Celanova" de Curros Enríquez

Vai de: A triste historia dun vello ao que as circunstancias o condenan abandonar o seu fogar no "nouturnio" da súa vida. Pode que algún día te atopas a este vello no camiño, ou ao sapo que o saúda á beira do camiño: cró cró.

O detalle: Pode que o vello protagonista estea inspirado na figura do propio autor do poema, o poeta de Celanova Curros Enríquez?



JALPÓN FRIKI

O bacalhau

2010/ 5' / castelán-portugués

Dirección: Diego Valiño

Actores: Jorge Hawatme, Celso Callón

Vai de: Quim Barreiros cantaba “Quero cheirarche o bacalhau”, un tema que ameniza desde a radio dun coche unha matanza delirante á beira dun camiño. Sangue a esgalla por un puñado de euros.

Xénero: Matanza a cachón.

O detalle: Fíxate nos efectos especiais e na precisión das balas e do sangue. Hai momentos sublimes!

Un chico raro

2009 / 9' / castelán

Dirección: Javi Camino

Guión: Toni Junyent, Javi Camino

Producido por: Magnetova Enterteinment

Reperto: Tony Junyent, Stela Kaminova, Pilar Miguélez

Vai de: Toni é un estudante introvertido, que pasa o día espiando ás súas compañeiras de clase, coas que fantasea. O seu último obxectivo é Natalia, da que consegue o número, pero non sospeita que Natalia non é o quen pinta.

Xénero: Comedia negra

O detalle: Rodada cun orzamento de 50 euros, ata estivo seleccionada entre as curtas do mítico Festival de Sitges.

O labirinto ario

2009 / 25' / galego

Dirección: Alfredo Pardo

Guión: Ana Belén Diz

Música: Sergio Pena

Fotografía: David Vázquez

Producido por: Chantada Films

Reperto: Mela Casal, Alejandro Carro, Ramón Pérez, Bea Serén, Julio Cela

Vai de: Está o Santo Grial no Monte Faro? Hai bases nazis subterráneas en Belesar? Quen se adica a facer rituais satánicos na cripta de Santa Eulalia de Bóveda? Hitler estaba enterrado nunha aldea de Galicia e nin o sabíamos. Excepto Franco e a Marquesa de Tor, que seguen traballando no rexurdir do IV Reich e a chegada dun novo Mesías.

Xénero: Inclasificable (esoterismo nazi, alieníxenas ummitas e tramas conspiratorias)

O detalle: Non perdades o increíble parecido que o actor Ramón Pérez ten con Francisco Franco. Calcado.



Eu tamén quero coñac

2009 / 7' / galego

Dirección e montaxe: Omar Rabuñal

Guión: Suso Lista, Omar Rabuñal

Produción: Pablo Chouza, Adrián Zapatería

Música: Serigo Pena

Producido por: Currelo Filmes

Reparto: Manolo de Laxe, Suso Lista, Dores Cao

Vai de: Levados pola súa afección a comer e beber pola patilla, os míticos mariñeiros Pinto e Cobiñas acuden a un velatorio dos de toda a vida. Pero un vello amorío de Pinto coa viúva do finado, e a afección de Cobiñas por darlle ó alpiste, trastocarán todos os seus plans de enchenta.

Xénero: Comedia fúnebre

O detalle: Os actores son dous percebeiros de Corme, que guionizan, interpretan e producen todas as curtas da singular saga de Pinto e Cobiñas.

Slow food

2009 / 17' / galego

Dirección e montaxe: Gutier Rolán

Guión: Alber Ponte

Produción: Xosé Montoto

Dirección artística: Marisa Otero

Música: Sergio Pena

Reparto: Celia Guerrero, Fran Grela, Inés Bouzón, Xabier Marqués

Vai de: Coñecer a unha rapaza e convidala a xantar na túa casa por vez primeira sempre provoca no anfitrión un certo nerviosismo. Pero todo se pode complicar moito mais, cando un **intenta esmerarse e seguir os parámetros da "slow food"**.

Xénero: Comedia gastronómica.

O detalle: Gravada nun curso audiovisual en Vedra, conta coa participación de veciños da localidade.

Macho Alfa en el gabinete del Dr. Tirano

2009 / 10' / castelán

Dirección e guiión: Paula Carro

Guión: Paula Carro e Jano

Imaxe e son: Luiso Ces

Reparto: May de la Peña, Toño Tejerina, Ricardo Mena, Tomás Alonso

Vai de: Macho Alfa é un arroutado loitador enmascarado. Enriba do ring é o rei, pero ás veces a vida depara inesperados combates cotiáns, como ir ao dentista.

Xénero: Comedia bizarra

O detalle: Toño Tejerina, un dos protas, é coñecido por facer o papel de "El diablo sobre ruedas", en "El Hormiguero" de Pablo Motos.

Freud & Cía

2009 / 7' / galego



Dirección e guiión: Xabier Marqués

Iluminación: Javier Salmonte

Son: Emilio Juncal, Xabier Marqués

Reparto: Iria Pinheiro, María Munín, Augusto Suárez, Rubén Prieto

Vai de: Freud e a psicanálise entran na grande empresa. Se estades no paro, algo habitual nestes tempos, preparádevos porque este será o futuro dentro do mundo dos Recursos Humanos.

Xénero: Traxicomedia freudiana

O detalle: Atentos ós consellos se ides facer unha entrevista de traballo.

VIDEOCLIPS A CONCURSO

Catpeople: *In silence.* Adrian Perez

Cudevaso: *Tryin' to fuck me.* Rubén Domínguez

Fanny+Alexander: *Toda esa enerxía escura.* Pachi Baranda

Franc3s: *Nuestra fe en el veneno.* Javi Camino

Igloo: *Sin mentiras.* Víctor e Jairo Moreno

Juan Rivas: *Super disco tropical.* Alberto Baamonde

Kastomá: *Grelo 66.* Gaspar Broullón e Matías Tarrío

Manos de Topo: *Lógico que salga mal.* Kike Maíllo

Niño y Pistola (as Arthur & The Writers): *Catch the sun.* Manolito Portoles

Nouvelle Cuisine: *Sin embargo.* Miguel Mariño

Novedades Carminha: *Yo no uso condón.* Rubén Domínguez

Portrait: *Today is the day.* Rafa de los Arcos

Ruxe Ruxe: *Buratos.* Jairo Iglesias

Som do Galpom: *Quedamos nesa praza.* Verve Audiovisual (Ramsés Rivera)



PROGRAMA COMPLETO DO VII FESTIVAL DE CANS

Mércores 19 de maio:

Biblioteca Municipal (O Porriño)

18.30h. **Cans para os pequenos.** Proxección de curtametraxes para público infantil. *Lelo e as estacións* (2010), *O soldadiño de chumbo* (2009), *A flor máis grande do mundo* (2007) e *O señor dos mosquís* (2006)

Rotonda de Adroza (Cans)

20.00 h. Inauguración do monumento Can de Pedra

Baixo do Moncho (Cans)

21.00h. **Día dos Veciños**

Proxección de *Cans do futuro*, de Juanma Lodo

Presentación do xurado dos veciños

Avance do making of

Actuación das pandereteiras de Cans e Anxo e a súa banda

Xoves 20 de maio:

Círculo Recreativo e Cultural do Porriño

- 19.00h. Reestrea décimo aniversario *Last Patrol*, de Cora Peña
- 20.30h. **Desfile de chimpíns** con actores e equipo técnico de *O mono Paco*
- 21.00h. **Estrea do documental *O mono Paco***, de Piño Prego

Bar Tubulart (O Porriño)

- 22.30h. **Can Parade** (Cans na Raia-Creativa)
- 23.00h. **Proxección de videoclips do Norte de Portugal** (Cans na Raia-Creativa)
- 23.30h. **Concurso de videoclips.** Presentado por Ricardo de Barreiro
- 0.30h. **Sesión dj con Florent y yo** (Los Planetas)

Venres 21 de maio:

Baixo do Moncho (Cans)

- 11.00h. **Cans de Futuro.** Sesións para centros educativos
- 16.00h. Proxección de **curtametraxes de animación de Portugal**, do Curtas Vila do Conde, Festival Internacional de Cinema (Cans na Raia-Creativa): *A Cor Negra*, Paulo Sousa e Silvimo Fernades; *A Meio da Noite*, Fernando Saraiva; *Annual*

Report, Cristina Braga; *Melodia Amarga*, Pedro Moura; e *História Trágica Com Final Feliz*, Regina Pessoa.

- 17.00h. **Cine na Raia**, presentación de longametraxes transfronteirizas: Chelo Loureiro con *As aventuras de Xoán Sen Medo* (Abano Films); Xosé Zapata con *Dodu, o neno de cartón* (IB Cinema/Sardinha Em Lata) e Eloy Enciso con *Arraianos* (IB Cinema) (Cans na Raia-Creativa)
- 18.00h. **Fillos de Cans**, presentacións de longametraxes: Dani de la Torre con *Mar Libre* (Ficción Producciones); Xosé Zapata con *Linko* (IB Cinema); Luis Avilés con *Retratos* (Vaca Films); Juan Galiñanes con *Holy Night* (Dygra Films); Chelo Loureiro con *A tropa de trapo* (Abano Films)
- 19.30h. **Estrea mundial de Naipe de sangue**, o primeiro grelos-western, coa presenza do equipo e de Federico Lafuente (fillo de Marcial Lafuente Estefanía)
- 21.30h. Procesión de chimpíns e cowboys ata o torreiro, acompañada do grupo de bombos **Os Zés Pereiras de Fragoso** [Barcelos-Portugal] (Cans na Raia-Creativa)

Torreiro de Cans

- 22.00h. **Noite de estrea**: Presentación dos xurados do festival e do making off da edición 2009
- 22.30h. **Entrega de premios do concurso de videoclips** e proxección dos videoclips gañadores
- 23.00h. **Entrega dos Chimpíns de Prata** a Víctor Fábregas e a Moncho Fortes
- 23.15h. **Entrega do Premio de honra** Pedigree'2010 a Ernesto Chao
- 23.30h. Actuación da **Furancho Wester Band**, con Silvia Superstar e Elodio
- 0.30h. **Concerto de COQUE MALLA**
- 2.00h. Sesión DiscoChimpín no Bar A Escola Vella, con **Constan Chao**

Sábado 22 de maio:

Cans (torreiro, salas, leiras e camiños)

- 9.30h. **Ruta dos muíños** polos camiños de Cans
- 12.00h. **Coloquio na leira**
- 13.00h. Ernesto Chao coloca a súa estrela no Torreiro das Estrelas
- 13.00h. **Sesión vermú** coa Banda Municipal de Música
- 15.30h. **Procesión de chimpibuses**, amenizada por **Os Veraneantes** (Cans na Raia-Creativa)
- 16.00h. Chegada da procesión ao torreiro de Cans
- 16.15h. Proxección de *Botando por fóra* na Sala Multiusos. Actuación de regueifa con O Caruncho, B. Lobarinas e Josiño da Teixeira no Jaliñeiro Unplugged
- 16.30h. **Inicio das proxeccións** nas salas: curtas a concurso e Jalpón Friki
- 17.30h. Presentación de *Naturalide Silvestre* na Sala Multiusos. Actuación de Roger de Flor no Jaliñeiro Unplugged
- 18.30h. Miradas de Cans: Creus e Carrasco dan a súa visión de Cans e introducen a David Rubín (debuxante). Na Sala Multiusos



- 18.30h. **Rock'n'Road: Baldosa Amarilla.** Na estrada de Cans (Cans na Raia-Creativa)
- 19.00h. Descanso das proxeccións. Luís Tosar coloca a súa estrela no Torreiro das Estrelas
- 19.00h. Rober Bodegas presenta o libro *Novedades, souvenirs, artículos de coña.* Na Sala Multiusos
- 19.30h. Concerto de **Los Chavales**
- 20.30h. Reinicio das proxeccións
- 20.30h. **Rock'n'Road: Santos Morcegos.** Na estrada de Cans. (Cans na Raia-Creativa)
- 20.30h. Juan Lesta e Belén Montero presentan 'Iconoscopio'. Na Sala Multiusos
- 21.15h. Iván Ferreiro presenta o proxecto audiovisual 'Picnic extraterrestre. La serie'. Na Sala Multiusos
- 22.00h. Presentación de *La habitación de Felucas* na Sala Multiusos. Actuación de Sr. Anido no Jaliñeiro Unplugged
- 22.00h. Proxección de *Naípe de sangue*, no Jalpón Friki
- 23.00h. Fin das proxeccións
- 23.30h. **Entrega de premios** no torreiro
- 0.00h. Concerto de **DI ELAS**
- 1.30h. Sesión DiscoChimpín con **Rober Bodegas**

Mércores 26 de maio:

- 22.00h. Proxección das curtas gañadoras no Bar Liceum do Porriño